



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 09 DE OUTUBRO DO 2019.-

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo. Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Cristina Cadena Freire. D. José Manuel Cendán Fernández Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodriguez</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e vinte e dous minutos do día nove de outubro do dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodriguez.</p>
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- DAR CONTA DA INCORPORACIÓN DOS INFORMES E ADIF E MINISTERIO DE FOMENTO O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Dáse conta da acta da comisión de plans e persoal de data 4 de outubro de 2019 que a continuación se transcribe:

Sendo as **10:43** do día **4 de outubro de 2019**, reúnese en sesión extraordinaria a **Comisión de Plans e Persoal**, presidida por D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente do Concello de Ares, e coa Asistencia dos Sres. Concelleiros:

Sr. D. José Juan Vilar Rico Sra.

D^a. Alma Barrón Ferro

Sra. D^a Olimpia Marcos García

Sr. D. José Manuel Cendán Fernández

Sr. D. Marcos Carballo Sarmiento

Sr. D. Luis Cendán Fernández Sra.

D^a. Cristina Cadena Freire

Actúa coma secretario Javier Romero Martínez





Aberta a sesión pola Presidencia éntrase no estudio dos asuntos que configuran a Orde do Día:

Punto Primeiro.- Documentación PXOM tras informes de ADIF e Ministerio de Fomento.

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que cando se enviou o PXOM para a súa aprobación definitiva por parte da Xunta de Galicia, ésta conta cun mes para valorar a integridade da totalidade da documentación remitida. Nese tempo teñen que comprobar a documentación e se requeríu ao Concello para que subsanase unha serie de deficiencias entre as que se incluía a petición de informes a ADIF e o Ministerio de Fomento por mor da liña de ferrocarril que transcorre polo Concello. Unha vez solicitados ditos informes e emitidos os mesmos se procedeu plasmar na planimetría o sinlado por ambos Organismos. En teoría e unha vez completadas as deficiencias administrativas atopadas (foliado da totalidade da documentación, índice, etc.).

Como queira que é necesario levar a Pleno as planimetrías remitidas polo equipo redactor tras os informes emitidos se procede a dictaminar de xeito favorable por parte do PSOE e Nova Alianza e coa abstención do Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego

Sendo as 10:49 horas do día no encabezamento citado e non habendo mais asuntos que tratar, pola Alcaldía Presidencia dase por rematado o acto do cal, eu coma Secretario, certifico.

Documento asinado electrónicamente polo Secretario da Comisión Informativa Documento asinado electrónicamente polo Alcalde-Presidente

O Concello Pleno dáse por enterado

Punto núm. 2.- RESOLUCIÓN ALEGACIONES DO BNG O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 3/2019 “SUPLEMENTO DE CRÉDITOS”

Dáse conta da alegación presentada polo BNG “EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 3/2019 SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS” de data 24 de setembro de 2019 que a continuación se transcribe:

Emilio Mesías Farías, Concelleiro-Portavoz do GM do BNG como mellor proceda en dereito comparezo e

DIGO

Que en data de 6 de setembro de 2019 véñse de publicar no B.O.P. Aprobación inicial expediente de modificación de créditos nº 2019/3 de “suplemento de créditos”, aprobado en sesión ordinaria polo Pleno do Concello, de data dous de setembro do mesmo ano.

Que a elaboración de dito expediente de modificación non se axusta á Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sostibilidade Financeira, e conculca o disposto nos Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, Real Decreto 500/1990, de 20 de abril e demais disposicións regulamentarias.

Que como recorda o Informe de Intervención de data 5 de Agosto de 2019 no seu pto. SÉTIMO E: “A tenor do artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, serán de aplicación as





mesmas normas sobre **información, reclamacións e publicidade** previstas no artigo 169 do citado texto legal, para a aprobación dos Orzamentos.”

Quen en dito procedemento incumplíronse as seguintes:

Que non se incluíu no pto. de Orde do Día da comisión correspondente de Facenda, o Ditame previo á Aprobación inicial expediente de modificación de créditos nº 2019/3 de “suplemento de créditos”.

Que en dita comisión informativa e logo de levantarse a sesión, aos cinco minutos o Alcalde presidente da Comisión de Facenda, Julio Ignacio Iglesias Redondo, chama de novo aos membros da comisión “in voce” para someter a ditame o expediente de crédito nº 2019/3, sin estar a referida documentación a disposición dos compoñentes da comisión.

Que dito dictame foi aprobado cos votos favorables dos representantes do Grupo Socialista e NAL.

Que en dito acto non estaban presentes as técnicos de facenda (Tesoureira e Aux. Administrativa), que si estaban previamente na convocatoria celebrada uns minutos antes.

Que na sesión plenaria incumplíuse a Base Sétima do Informe de Intervención que no seu pto. C aclara que:

C. Coñecidos os posibles destinos de aplicación do superávit, á proposta de modificación deberá incorporarse Memoria de Alcaldía, na que se xustifique a aprobación do crédito extraordinario, as aplicacións orzamentarias ás que afecta, os medios ou recursos que deben financiala.

A memoria conterà no caso de Inversións Financeiramente Sostibles, ademais, a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil.

Xa que no expediente plenario non estaba incluída a Memoria de Alcaldía

Que houbo tamén incumplimento ao non incorporar no expediente as partidas afectadas polo Expediente de modificación, nin tan siquer o destino ao cal se pretende derivar as partidas orzamentarias.

Que o artigo 20 do Real Decreto 500/1990 dispón que o acto de aprobación provisional do presuposto xeral, sinalando o lugar e data inicial do cómputo do prazo de exposición ao público, anunciarase no Boletín Oficial da provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial, e simultaneamente poñerase a disposición do público a correspondente documentación por un prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Que o artigo 20 do RD 500/1990, aos efectos de lo disposto no apartado 1 do artigo 20, terán a consideración de interesados os habitantes no territorio da respectiva Entidade local (artigo





151.1, a), LRHL); os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da Entidade local (artigo 151.1, b), LRHL) e os Colexios Oficiais, Cámaras Oficiais, Sindicatos, Asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios (artigo 151.1, c), LRHL).

Que polo anteriormente dito, e ao abeiro do disposto no artigo 20 do RD 500/1990, presento RECLAMACIÓN contra o acto de “Aprobación inicial expediente de modificación de créditos nº 2019/3 de “suplemento de créditos”, en base aos feitos e fundamentos de dereito previamente descritos.

Polo exposto,

SOLICITAMOS:

1.- Que por medio do presente escrito se teña por presentada RECLAMACIÓN contra “Aprobación inicial expediente de modificación de créditos nº 2019/3 de suplemento de créditos” e se dite resolución pola que se proceda a anular o acto polo que se aprobaron por non se axustar a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos presupostados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

En Ares, a 24 de setembro de 2018

Asdo: Emilio Mesías Farías

Concelleiro Portavoz do GM do BNG no Concello de Ares

Dáse conta do informe de secretaría “ALEGACIONES BNG EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 3/2019 SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS” de data 02 de outubro de 2019 que a continuación se transcribe:

INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO: ALEGACIONES BNG EXPEDIENTE MODIFICACIÓN CRETOS 3/2019 “SUPLEMENTO DE CRETOS.

PRIMEIRO.- Consta que houbo xunta de voceiros na que se tratou o tema e de seguido coa presenza do secretario-interventor, celebrouse unha sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Facenda para informar do expediente de modificación de créditos, e así o recoñece o alegante.

SEGUNDO.- Efectivamente a DA 16ª, apartado 6 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ao estar en presenza dunha modificación orzamentaria financiada con cargo ao superávit e tratarse de inversións financeiramente sostibles, require dunha memoria xustificativa, as aplicacións orzamentarias e a





proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil.

Tanto no expediente da convocatoria plenaria en soporte papel como na plataforma electrónica figura unha Providencia da Alcaldía de data 5-08-2019 que sinala :

“Ante a posibilidade de incorporación do superávit orzamentario refrendado polo remanente de tesourería para gastos xerais aos destinos alternativos da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira faise preciso a modificación de créditos núm. 3/2019 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario.”

De seguido entre outros aspectos establece: “Igualmente que se informe por Intervención sobre a Memoria económica específica, en canto á consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias contidas sobre o investimento.”

TERCEIRO.- Tamén figura no expediente soporte papel e soporte plataforma electrónica as aplicacións orzamentarias e a finalidade dos créditos, sendo analizado no informe da secretaría-intervención de 7-08-2019 en virtude do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, para a aplicación do superávit orzamentario, o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Estabilidade orzamentaria positiva. Nesta entidade, sendo que na liquidación de 2018 de data 28 de marzo de 2019, entendida nos termos do artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e aos efectos deste procedemento, o dato de Estabilidade orzamentaria arroxa un saldo en termos
- Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais positivo. Sendo o dato do importe do Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais a 31 de decembro de 2018 de 2.147.146,50 euros, cumpre o requisito de Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais positivo.
- Volume de endebedamento. Sendo o importe da débeda viva existente da entidade a 31 de decembro de 2018 de 2.115.576,54 €.

É dicir, a reservas da aprobación do gasto, o expediente coa proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil, cumpre os requisitos para ser aprobado.

Posteriormente, en caso de Inversións Financeiramente Sostibles -tal e como é o presente suposto- e en cumprimento de DA 16ª apartado 6 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais elaborárase informe de Intervención acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento suscrito polo Presidente da Corporación ou persoa en quen delegue. Así mesmo, tamén se informará por Intervención sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria de conformidade co artigo 16 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro. En canto á avaliación orzamentaria deberá terse en conta que as entidades locais deberán someter a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e





demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos ao principio de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea, entendido este como a situación de equilibrio ou superávit estrutural (artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira). A este respecto a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes. Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. O incumprimento do obxectivo de equilibrio ou superávit en liquidación orzamentaria levará a elaboración de Plan Económico Financeiro, segundo establece o artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

CUARTO.- tal e como se sinala no informe obrante no expediente de 7-08-2019: “**O expediente de gasto** que se tramite deberá incorporar unha memoria económica específica subscrita polo presidente da Corporación Local ou, persoa en quen delegue, na que se conterà a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil.

O órgano interventor da Corporación Local informará acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos nos apartados anteriores.

QUINTO.- Na súa virtude condideráse que o expediente analiza e cumpre os requisitos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira; **sendo na fase posterior de aprobación do gasto** na que se debe incluír a memoria económica específica, subscrita polo presidente da Corporación Local ou, persoa en quen delegue, na que se conterà a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil, sendo a providencia a modo de memoria suficiente na fase inicial do expediente.

Ares, a dous de outubro de 2019.

O Secretario Acctal.

Asdo. José A. Carballo Feijoo

O Sr. Alcalde manifesta que este segundo punto foi a comisión e dictaminouse de maneira desfavorable e ven a resolución ao pleno para a súa votación, para o cal abrimos unha primeira quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e os bos días a todos/as e manifestando que ten agora mesmo o acceso ao informe de secretaría o cal non tiven antes porque non estaba en acceso no xestiona, e podo comprobar como neste informe de secretaría sorpréndenos un pouco o texto desta resposta a nosa alegación. Nós presentamos unha alegación que propón ao respecto deste punto da modificación de crédito e ben temos que dicir que primeiro, a contestación de secretaría di, “Primeiro.-Consta que houbo xunta de voceiros na que se tratou o tema e de seguido coa





presenza do secretario-interventor, celebrouse unha sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Facenda para informar do expediente de modificación de créditos, e así o recoñece o alegante”, o alegante non recoñece isto, entón a miña pregunta ao Sr. Secretario é, vostede certifica que nesa comisión de facenda se informou do expediente de modificación de créditos cuxo documento non estaba a disposición dos membros da comisión e polo tanto non se pode informar o contido dun expediente senón está o documento do expediente como vostedes ben recoñecen, porque a comisión de facenda foi convocada ao pleno ordinario e a documentación que se tramita para os plenos neste caso tramitouse coa convocatoria do pleno ordinario que aínda encima non estaba a documentación que imos a votar, entón a pregunta é si ¿vostede certifica que houbo unha comisión informativa esa a que vostede se refire, certifica que houbo esa comisión informativa e que aí estaba o expediente? esa é a miña primeira pregunta. No segundo punto di “efectivamente a DA 16ª, apartado 6 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ao estar en presenza dunha modificación orzamentaria financiada con cargo ao superávit e tratarse de inversións financeiramente sostibles, require dunha memoria xustificativa, as aplicacións orzamentarias e a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil. Tanto no expediente da convocatoria plenaria en soporte papel como na plataforma electrónica figura unha Providencia da Alcaldía de data 5-08-2019” o informe do secretario refírese a unha providencia de data 31/07/2019 descoñecemos onde estaba a do 05/08/2019 di “tamén figura no expediente soporte papel e soporte plataforma electrónica as aplicacións orzamentarias e a finalidade dos créditos” nós recordamos que foi no instante do pleno cando a voceira do PSdeG-PSOE membro do goberno municipal no acto do pleno e non antes, entregounos aos voceiros da oposición este documento, e este documento é o que di “expediente de modificación de crédito sendo analizado no informe da secretaría-intervención de 7-08-2019 en virtude do artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, para a aplicación do superávit orzamentaria onde relata unhas partidas e uns conceptos ao respecto de ese contido desa modificación, foi aí nese instante, non foi antes que ademais parecíanos moi pouco serio este documento, é un documento que ademais de ir sen asinar e tan de andar por casa que nun dos seus obxectos di “aportación municipais obras, subvencións Oli” a nós parécenos moi pouco serio que nun documento oficial (eu entendo que isto pode ser un documento de traballo para un grupo de goberno) pero parécenos pouco serio que nun documento oficial veñan estas cousas referidas así sen asinar e sen ningún outro recurso que nós podamos ver unha cousa seria polo tanto, iso que vostede di, iso que o secretario que asina di, o que o secretario substituto di, realmente non é así e está a acta onde se pode comprobar.

Por último, dicir que tamén que di “sendo a providencia a modo de memoria suficiente na fase inicial do expediente” pero claro, vostede no seu informe non di iso, vostede non di que valga cunha providencia, vostede o que di “que ten que ser un informe, unha memoria que deberá incorporar unha memoria específica” e ademais de todo isto, a semana pasada que foi cando se celebrou a comisión de facenda para estudar esta alegación que nós presentamos e cando vostedes presentan este outro documento que non o presentaron antes polo tanto non pode como quedarse incluída no expediente tampouco do pleno, e esta providencia da alcaldía ademais non ten nin sinatura nin nada, outra pregunta que lle quería facer o secretario é si ¿poderíanos certificar con que data realizouse esta providencia de alcaldía, si foi antes o despois de nós





presentar a alegación, e como é que non se nos entregou antes e como é que ven sen data e sen sinatura aínda encima que pon dispón e non pon nada máis?, entón esas son as nosas cuestións e aproveitamos para poñer de manifesto que a nosa alegación non foi contestada a modo das nosas preguntas que imos facendo e as nosas observacións polo tanto, non damos como boa esta resposta do secretario máis que nada porque incumpre e recorre a erros e como xa acabo de manifestar agora a min gustaríame que o secretario tipificase que todo isto que acabo de dicir non é certo.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fenández dando os bos días a todos/as e dicindo que isto é un trámite administrativo e como puido demostrar o BNG no seu recurso dicir que falta no expediente moita documentación, eu creo que as cousas hai que facelas medianamente ben, primeiro falta a memoria da alcaldía onde se recolla o informe do interventor informe de economía e o que se financia que pode ser as baixas das partidas orzamentarias de tesourería, se cumpre a estabilidade orzamentaria, volume de endebedamento, baixas, resumo do capítulo do estado de gastos, resumo do capítulo do estado de ingresos, dispoñer dunha exposición pública durante os primeiros 15 días e transcurrido o prazo quedaría aprobada en fin un longo etc... Eu creo que isto politicamente non ten argumentación por defecto de trámite administrativo, a responsabilidade sempre é do Sr. Alcalde que é o responsable da administración e que se fagan as cousas medianamente ben, se non se desmonta por parte do Sr. Secretario e o Sr. Alcalde todo isto que estamos dicindo nós imos a votar a favor do recurso que presentou o BNG si se demostra que non é certo e si nos convence votaremos en contra.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que se posicionen no primeira quenda, eu aquí non teña nada que dicir estou farto de que as xuntas de voceiros a veces serven e outras non, isto levouse a xunta de voceiros logo como sei que non vos vale e pensei que no pleno podíades dicir e que non foi a comisión, logo leveino a comisión e efectivamente caín na conta desa situación xa non sei si hai que facer o pino boca abaixo ou dun lado é igual é totalmente indiferente, hai un informe de secretaría o compartu ou non o compartu o informe existe e o asesor xurídico da corporación é o secretario non son os voceiros nin eu en consecuencia hai un informe de secretaría favorable e loxicamente isto ven ao pleno, o voto é libre e cada un vota o que lle da a gana.

O Sr. Alcalde da paso a segunda quenda de intervencións.

Continúa o Sr. Alcalde aclarando que o Sr. Secretario non forma parte do debate nin ten porque debater absolutamente con ninguén e en consecuencia debatese comigo que son o que efectivamente traio este tema ao pleno porque o orde do día e competencia da Alcaldía-Presidencia, en consecuencia segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas, e dicindo que nós o que facemos é unha serie de cuestión sobre o informe do secretario polo tanto a el é a quen lle pedimos que nos clarifique e que nos diga si o que dicimos non é certo e vostede como presidente do pleno e o que lle ten que dicir si fala ou non o Sr. Secretario que a nós nos gustaría que falase antes da nosa segunda





intervención e non é así porque vostede non lle vai a dar a palabra ao final ben, e unha cuestión de vontade política.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o Sr. Secretario no debería intervir porque hai un informe por escrito, se xa hai un informe por escrito que di o que di e que é redundante darlle a palabra ao secretario, que queiras establecer nun pleno un debate cun funcionario non me parece normal entón, como non me parece normal aquí non se ven a debater con ningún funcionario vense a debater conmigo ou cos voceiros dos grupos, que un voceiro interpele directamente ao secretario nun pleno é que non o vin en ningún sitio é o mesmo que si un voceiro da xunta apela ao secretario da mesa na vida dáse iso, en consecuencia imos a deixalo intervir ao final para que diga o mesmo que di o informe é absurdo, entón xa digo segunda intervención e rematamos o tema.

Toma a palabra novamente o Sr. Mesías Farías manifestando que está coa súa intervención política pero tamén hai que ter en conta que aquí hai unha cuestión administrativa e por todo isto eu teño interpelar ao secretario cando a resposta non é a que eu pregunto. Vostede como presidente do pleno acaba de dicir que xa non sabe si facer o pino si dar a volta eu lle pediría nin facer o pino nin dar a volta, intente facer as cousas ben porque vostede cando di que levou o tema a xunta de voceiros ten que dicir tamén que vostede non levou o expediente o expediente a xunta de voceiros e polo tanto non se pode ditaminar e diga vostede que despois levou o expediente, levou o tema a comisión de facenda logo de xa estar levantada a sesión e volver a convocar in voce.

Responde o Sr. Alcalde preguntando si está prohibido iso.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que vostede convoca in voce pero resulta que nesa comisión de facenda non estaban os técnicos de facenda e tampouco aí estaba o expediente polo tanto vostedes someteron a ditame unha información que non obraba por parte dos membros da comisión entón volveu facer unha pregunta a vostede xa non lla vou facer ao secretario e a pregunta é ¿vostede na comisión de facenda era consciente de que iso que estaba sometendo a ditame non o tiñan os membros da comisión e polo tanto, como vai a someter vostede a ditame un expediente do cal non se ten información? esa é a nosa pregunta entón nós, non estamos falando de que o secretario ven aquí faga o seu informe e isto acabouse, aquí o que ven e se somete a votación é a contestación do secretario por iso se nos da voz para que nos poñamos a nosa visión ao respecto deste informe, non imos a poder dicir nada ao respecto do informe do secretario, claro que podemos dicir e o que debemos dicir é que isto é pouco serio e ademais hai erros que eu xa visto o visto o debate dáme a pensar que ben, imos a tirar para diante que isto aprobouse porque temos maioría absoluta e non estamos nada de acordo, imos a reiterar as nosas preguntas ao secretario e mantemos as preguntas da primeira quenda de intervención.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a súa intención non é debater co Sr. Secretario, o único que queremos é que se nos informe dalgunhas das cousas que estamos a ver aquí no expediente e queremos que se nos explique nada máis. A primeira é que queremos saber de onde ven o superávit, o máis importante a día de hoxe que xa o dixemos no anterior pleno cando se debateu isto é o máis importante unha modificación de crédito leva o mesmo





trámite que leva un orzamento e o primeiro é o informe económico-financiero do Sr. Secretario e a memoria explicativa do Sr. Alcalde, o primeiro documento que falta é a memoria do Sr. Alcalde o primeiro punto que se incumpre entón isto é un tema administrativo, xa sei que non é culpa do Sr. Alcalde pero nós estamos a dicir que as cousas non están que é un tema administrativo que ten que ser solventado e o Sr. Alcalde a quen corresponda ten que decirlle que as cousas can van a pleno ou a comisión fagan a documentación e a tramitación ben cotejada para que non haxa estes problemas e sigo dicindo o mesmo, si o Sr. Secretario vai a falar e convenceme de que todo isto está ben imos a dicir votar en contra senon votaremos a favor do recurso do BNG.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que unha fixadas as posicións e rematas as quendas de intervencións a efectos de clarificar o informe de Sr. Secretario, lle cedo a palabra para iniciar a votación, non se vai a abrir un debate, pronuncíase e despois se vota.

Toma a palabra o Sr. Secretario dicindo que ratifica o informe do Secretario-Acctal, que o ratifico e o asumo, cando houbo voceiros eu cheguei co expediente o que pasa é que vostedes entenderon que tiña que ir a unha comisión de facenda.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non se entendeu que había que lévalo a unha comisión de facenda, decidino eu por si as moscas.

Continúa o Sr. Secretario manifestando que o levou a comisión de feito aprobouse en xunta de voceiros, en canto o expediente a memoria e previa ao expediente, hai un informe meu onde digo que a memoria efectúase coa aprobación do gasto non co expediente, obra a obra en cada situación se comprobouse que é unha inversión que é financeiramente sostible e cumpre cos requisitos de estabilidade orzamentaria pero iso faise a posteriori, de feito o facemos co POS e Olimpia o sabe, aprobamos o POS e agora fanse tres ou catro informes de estabilidade, de tres a cinco anos de vida útil, pero é ca aprobación de gasto non é a priori.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que en consecuencia senón hai habilitación de gasto pois non hai memoria, en consecuencia senón se autoriza incrementar partidas e non se aproba o expediente de modificación de crédito para que imos a dicir que é para comprar nada senón temos habilitación de gasto.

Toma a palabra novamente o Sr. Secretario manifestando que no listado que doulle a concelleira faise constar o destino.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que un modificado de crédito cunha habilitación de gasto nas partidas e veremos si se gasta ou non e dicir, cando se leva e que se ten intención de, se habilita e logo o mellor non se fai en consecuencia isto é unha habilitación de gasto e como dixoo voceiro do PP tratase exactamente igual que o orzamento o que pasa e que no orzamento na execución ves o que compras pero na execución, porque o orzamento é unha habilitación de gasto e a veces unhas partidas non se executan e non se utiliza esa habilitación e outras veces se executan ou esgótanse por iso hai que habilitar outras pero para dar outra habilitación de gasto logo se lle da a execución orzamentaria en que se gasta. Unha vez fixadas as posicións procedemos a resolver as alegacións do BNG do expediente de modificación de créditos e en consecuencia procedemos a votar.





O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a Resolución alegacións do BNG expediente de modificación de créditos núm. 3/2019 "SUPLEMENTO DE CRÉDITOS" o Pleno do Concello por 5 votos a favor (2 BNG e 3PP) e 8 en contra (7 PSdeG-PSOE, 1 NAL) acorda rexeitar a alegación.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado electrónicamente polo Secretario-Interventor

